



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Admvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración co Cluster de empresas de automoción de Galicia (CEAGA) para a cesión de uso de 25 vehículos eléctricos e de estacións multifuncionais de electromobidade*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 231 de novembro de 2017.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CLUSTER DE EMPRESAS
DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) PARA A CESIÓN DE USO DE 25
VEHÍCULOS ELÉCTRICOS E DE ESTACIÓNS MULTIFUNCIONAIS DE
ELECTROMOBILIDADE**

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de servizos automobilísticos da Xunta de Galicia

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos atribuídos á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a dirección do Parque Móbil da Xunta de Galicia e a coordinación dos parques sectoriais pertencentes a outras consellerías, de conformidade co disposto no artigo 14.1.f) do Decreto 11/2015, do 5 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 7/2011, do 20 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

ANTECEDENTES

No ano 2011, a Consellería de Economía e Industria asinou un convenio de colaboración co Clúster de Automoción de Galicia (CEAGA) para o desenvolvemento dun plan piloto de electromobilidade, consistente na construción de sete estacións de electromobilidade na Comunidade Autónoma de Galicia, para a promoción dun novo modelo de mobilidade que reduza as emisións de CO₂, eliminando a dependencia de combustibles derivados do petróleo e contribuíndo á implantación dun novo modelo enerxético eficiente e respectuoso co medio ambiente.

Nunha segunda fase do desenvolvemento deste plan piloto, en febreiro de 2013 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións





Públicas e Xustiza e CEAGA no que se cedeu o uso de 25 vehículos eléctricos e sete estacións de electromobilidade para o uso do Parque Móbil da Xunta de Galicia.

En aplicación do citado convenio, distribuíronse os bens obxecto de cesión entre os Servizos Centrais e as Delegacións Territoriais da Xunta de Galicia, sendo adicados, principalmente, para o traslado dos notificadores xudiciais e aqueles traslados urbanos que admiten a autonomía dos vehículos.

O citado convenio tiña como data de finalización o 30 de xuño de 2016 sen que fose posible prorrogar o mesmo, se ben se subscribiu un novo convenio para darlle continuidade a esta cesión ata o 31 de decembro de 2017.

Tendo en conta o carácter gratuíto da cesión, o excelente resultado do uso destes vehículos eléctricos e a colaboración desta medida na redución das emisións de CO₂ e a difusión desta tecnoloxía, resulta conveniente subscribir un novo convenio co fin de continuar a usar os vehículos eléctricos e as estacións de electromobilidade.

O uso das estacións de electromobilidade non suporá ningún custe xa que o traslado e instalación deste equipamento foi financiado con cargo ao anterior convenio. En canto aos custes de funcionamento, tanto dos vehículos coma do consumo eléctrico das estacións, xa está integrado nos custes da Consellería ao estar incluído nas partidas que financian estas operacións.

FINALIDADE

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Clúster de Empresas de Automoción de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de xaneiro de 2019.

O convenio ten por obxecto a cesión de uso, por parte do Clúster de Empresas de Automoción de Galicia á Xunta de Galicia, de 25 vehículos eléctricos e seis puntos de





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA

Secretaría Xeral Técnica

recarga rápida e once puntos de recarga lenta das estacións de electromobilidade propiedade da entidade cedente.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no interese concorrente entre ambas entidades e potenciar o desenvolvemento de enerxías eficientes enerxeticamente, así como no papel exemplarizante que deben representar as Administracións Públicas de cara a sociedade.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

O subdirector xeral de Coordinación de Servizos Transversais

Emilio José de la Iglesia Lema

De acordo coa proposta efectuada pola Subdirección Xeral de Coordinación de Servizos Transversais, veño a darlle a miña aprobación.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2017

A secretaria xeral técnica

Beatriz Guña Barja

